

Viaxe pola Galiza clonada | Galicia Hoxe - Windows Internet Explorer

http://www.galicia-hoxe.com/index\_2.php?idMenu=152&idNoticia=448656

Viaxe pola Galiza clonada | Galicia Hoxe

El Correo Gallego.es Radio Obreroiro Correo tv **tierras anova**

Galicia-Hoxe.com

Portada | Portada en PDF | Hemeroteca | RSS

Miércoles 15.07.2009 | Actualizado 13.04

BLOGS

A viñeta de M. B. Rei | A viñeta de H.M. | Éche o que hai. Por López | Tecnociencia e democracia. Por Juan R Coca | Vai de Blog

Verán

VERÁN HOXE

**Viaxe pola Galiza clonada**

POR MARGA TOJO

José García e Alejandra Perrín, un matrimonio pontevedrés, levan nove anos á fronte de Factoría Eurodigital, unha empresa galega de deseño e construción web que funciona como incubadora de negocios virtuais. Entre os seus éxitos atópanse as páxinas Descubregalicia.com e Virtualplanet360.com, que eles mesmos xestionan e que ofrecen, respectivamente, percorridos dixitais interactivos en 360 graos pola xeografía galega -incluídas as ruínas, monumentos, bares, comercios, festas, praias ou hotéis- e por diversos puntos emblemáticos do mundo.

"A nosa filosofía é que se Colón con tres carabelas descubriu América, por que no século XXI cun rato e unha cámara non podemos descubrirlle Galiza á xente?", explica García.

Por que puxeron en marcha este negocio?

Pois foi ao pensar: Se estas son unha praias realmente escandalosas, preciosas, por que hai tan pouca xente que o saiba? Daquela díximos: de que xeito podemos amosarlle a nosa terra ao mundo, xa que estamos a un click de distancia? E quixemos crear unha ferramenta accesible para todo o mundo, independentemente de que soubese andar ben en internet ou non.

É que os galegos non sabemos vendernos ou é que non queremos que entren no noso?

Sobre todo o primeiro. Sair de aquí sentíame para comprobar o mal que nos vendemos. Vivín desde Barcelona até Marbella, Ibiza, Mallorca, Lanzarote... nos puntos quentes a nivel turístico, traballando no sector do audiovisual, e decatáime de que todos estes destinos que nos vendían tan maravillosamente non eran máis maravillosos que os da nosa terra. Cando fun a Ibiza non foi pola festa, senón porque me dixeron que alí había as mellores postas de sol do mundo. Cando regresei a Galiza e volvíñ á Lanzada decatáime de que este solpor era absolutamente maravilloso.

E foi por iso que decidiron quedar aquí, porque non atoparon nada mellor polo mundo?

Volvemos a Galiza despois de presentarlle a Antena 3 un programa piloto sobre internet nun momento en que internet aínda era moi incipiente. Revelárono porque a rede era aínda un futuro que lles parecía moi arredado, pero como investíramos até a última peseta no proxecto a que hoxe é a miña muller e mais eu decidimos regresar a Galiza. E non sei que ten isto que como volvas e botes máis de quince días, atrápatate.

A web tivo boa acollida desde o principio?

Pois si. Os inicios foron con Pontevedra e ao pouco de montar o 360 da cidade comezamos a recibir dúzias de opinións de internautas, así que decidimos seleccionar as máis coincidentes e armar como unha guía do viaxeiro.

Cantas visitas ten?

Cada visitante fai unha media de cincuenta visitas panorámicas. Entra nunha igrexa, vai a unha praia, mélese nun hotel. Decatámonos de que o que entra en Galicia.com entra e viaxa, non entra e marcha, que é onde se ve o duto de calquera canle. Se entrar e ficas na páxina é que tivo éxito, se fas zapping, pero permaneces media hora nun canle, é que ese é o bo.

Cal é a procedencia dos visitantes?

Maiormente EEUU e Brasil, porque temos na web Río de Janeiro e os brasileiros, que son moi avanzados en internet, teñen moito aprecio polo seu e recomendan moito a web, enlazándoa.

E como se financian?

A pregunta é boa, porque é difícil financiarse. Hai hotéis e comercios que apoian a iniciativa porque amosamos o seu lugar, pero certa parte financiámola nós a través da nosa empresa. Verá, nós vimos da cultura do garaxe.

Como os Sonics ou os Cramps?

Como Microsoft, por exemplo, que por falta de medios iniciouse nun garaxe.

Como cambian os tempos, pensei que me falaba da cultura garaxe das bandas de rock.

Non sabía que agora houbera unha música garaxe.

Foi nos anos 70. en realidade.

É curioso que toques o tema, porque nós propuxémoslle xa ao anterior xacobeo facer o Camiño de Santiago Virtual. De feito, comezamos a facelo e en Descubregalicia.com hai moitos puntos e podes entrar nalgúns albergues. É un proxecto que queríamos facer con Googlemaps de España. Presentámoslle o proxecto e pareceulle interesante, pero rexistárono. Un ano despois presentaron a súa viaxe virtual por determinadas cidades do mundo.

Estame a falar dun plaxio?

En fin, dunha casualidade. E agora resulta que o Xacobeo contratoulle a Google campañas de promoción do Xacobeo e a cambio Google dílle que lle vai facer o camiño virtual. Acabamos de levar un pau con isto, tal e como están as cousas. Pero do camiño de Santiago temos unha road movie con Zapatonas como protagonista polo Camiño Portugués na que che conta historias do camiño, recomenda sitios... e xa son vinte mil os internautas que a viron, principalmente desde fóra de Galiza. Porque Zapatonas, aínda que é único personaxe famoso e pobre, coñece mil anécdotas e estivo con mil personaxes.

Canal Compras

Haz click aquí y reserva ahora

MÁS PRODUCTOS

Eu .gal

POR UN DOMINIO GALEGO